



**PROBAS DE OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE CONSELLEIRO/A DE SEGURIDADE PARA O
TRANSPORTE DE MERCADORÍAS PERIGOSAS POR ESTRADA E POR FERROCARRIL**

Santiago de Compostela, 15 de novembro de 2017

SUPOSTO PRÁCTICO

MODALIDADE: TRANSPORTE POR ESTRADA – CLASE 1 (EXPLOSIVOS)

-GALEGO-

Dende a empresa Pirotecnia González, r/ Góndola, 15 en Paterna (Valencia), vaise efectuar un envío de 1.000 kg de masa neta de materia explosiva, en embalaxes con código de homologación 1H2 de 20 kg, de ARTIFICIOS DE PIROTECNIA, obxectos pirotécnicos destinados ao recreo (que presentan un risco de explosión en masa e que conteñen unha materia pirotécnica ou ben un obxecto que conteña á vez unha materia explosiva e unha composición iluminante). O receptor do envío será Amenizaciones Estrella, con domicilio en r/ Mediodía, n.º 3 (Toledo).

INDICAR:

1. Datos obrigatorios da carta de porte para este traxecto.
2. Cal é o peso neto máximo admisible, en kg, desta materia para unha unidade de transporte con código EX/II?
3. Quen debe autorizar a utilización do código de clasificación desta materia?
4. Segundo o Regulamento de Explosivos, en caso de detención por avaría, accidente ou calquera outra causa que faga presumible un estacionamento prolongado do vehículo, que medidas se adoptarán?
5. Documentación específica que se ha de levar a bordo da unidade de transporte segundo o ADR.
6. En atención á súa instrución de embalaxe, pódense empregar sacos de papel como envase interior para o transporte desta materia?
7. Segundo o Real Decreto 97/2014, en caso de ter que realizar esta empresa o informe anual, durante canto tempo o deberá conservar?
8. Que organismo ou organismos poderán fixar restricións á circulación de vehículos que realicen o transporte desta mercadoría perigosa?
9. Para o mercado dos vultos, en que idiomas se deberá indicar a designación oficial do transporte segundo o ADR?
10. En caso de que os vehículos que transportan esta mercadoría circulen en convoi, cal é a distancia mínima que se deberá gardar entre unha unidade de transporte e a seguinte?

-CASTELÁN-

Desde la empresa Pirotecnia González, r/ Góndola, 15 en Paterna (Valencia), se va a efectuar un envío de 1.000 kg de masa neta de materia explosiva, en embalajes con código de homologación 1H2 de 20 kg, de ARTIFICIOS DE PIROTECNIA, objetos pirotécnicos destinados al recreo (que presentan un riesgo de explosión en masa y que contienen una materia pirotécnica o bien un objeto que contenga a la vez una materia explosiva y una composición iluminante). El receptor del envío será Amenizaciones Estrella, con domicilio en c/ Mediodía, n.º 3 (Toledo).

INDICAR:

1. Datos obligatorios de la carta de porte para este trayecto.
2. ¿Cuál es el peso neto máximo admisible, en kg, de esta materia para una unidad de transporte con código EX/II?
3. ¿Quién debe autorizar la utilización del código de clasificación de esta materia?
4. Según el Reglamento de Explosivos, en caso de detención por avería, accidente o cualquier otra causa que haga presumible un estacionamiento prolongado del vehículo, ¿qué medidas se adoptarán?
5. Documentación específica que se ha de llevar a bordo de la unidad de transporte según el ADR.
6. En atención a su instrucción de embalaje, ¿se pueden emplear sacos de papel como envase interior para el transporte de esta materia?
7. Según el Real Decreto 97/2014, en caso de tener que realizar esta empresa el informe anual, ¿durante cuánto tiempo lo deberá conservar?
8. ¿Qué organismo u organismos podrán fijar restricciones a la circulación de vehículos que realicen el transporte de esta mercancía peligrosa?
9. Para el mercado de los bultos, ¿en qué idiomas se deberá indicar la designación oficial del transporte según el ADR?
10. En caso de que los vehículos que transportan esta mercancía circulen en convoy, ¿cuál es la distancia mínima que se deberá guardar entre una unidad de transporte y la siguiente?

Respostas correctas do suposto práctico

1. UN 0333, ARTIFICIOS DE PIROTECNIA, 1.1G, (B1000C).

50 bidóns de plástico de tapa móbil de 20 kg.

Cantidade total: 1.000 kg de masa neta de materia explosiva.

Expedidor: Pirotecnica González, r/ Góndola, 15, Paterna (Valencia).

Destinatario: Amenizaciones Estrella, r/ Mediodía n.º 3, Toledo.

Clasificación de fogos artificiais pola autoridade competente do XX, coa referencia de fogos artificiais XX/YYZZZZ.

2. 1.000 kg

3. A autoridade competente dun Estado parte contratante do ADR.

4. Adoptaranse as medidas de precaución que se estimen necesarias en atención ás circunstancias do lugar e á natureza das substancias transportadas, dando conta inmediata á Garda Civil.

5. Carta de porte, instrucións escritas, un documento de identificación con fotografía por cada membro da tripulación, certificado de aprobación do vehículo e certificado de formación do condutor.

6. Si.

7. Durante 5 anos.

8. O Organismo Autónomo Xefatura Central de Tráfico ou, no seu caso, a autoridade autonómica ou local responsable da regulación, o control e a vixilancia da circulación.

9. En castelán e en inglés, francés ou alemán.

10. 50 metros.